

NUMERO EXPEDIENTE	2023056043
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A "URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)".
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP.

1. NECESIDADE E IDONEIDADE:

De acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas



urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9506 Barrantes-Vilariño, que transcorre polo Concello de Ribadumia.

A E.P. 9506 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no Concello de Ribadumia. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP-9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos, situados na contorna do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes.

O obxecto do proxecto é unha actuación urbana que recolla os anacos de espazo que actualmente existen na contorna da Rúa Condesa, facendo deles unha unidade coa rúa, e acondicionalos como dúas áreas de estacionamento para servizo dos autobuses escolares e acceso aos centros educativos e para servizo das instalacións deportivas. O proxecto modifica o trazado e sección da Rúa Condesa ampliando a zona de beirarrúas, executando novas beirarrúas máis amplas de formigón coloreado e unha banda de aparcadoiro en liña na marxe dereita con pavimento de lastro de formigón. Ademais, en dúas parcelas adxacentes de titularidade do Concello acondicionáronse dúas zonas de aparcadoiro.

O proxecto prevé a maiores a construción de pasos de peóns sobreelevados, a instalación da rede soterrada de alumeado e a renovación das luminarias existentes no viario provincial, a instalación das canalizacións soterradas da rede de telecomunicacións e a execución da rede de drenaxe.

Por último contéplase a execución dalgunhas zonas axardinadas, a instalación do mobiliario urbano e a execución da sinalización horizontal e vertical no treito de actuación ademais da reposición daqueles servizos que se vexan afectados.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2023 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Ribadumia para a execución do proxecto "*Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento. Barrantes*". Con data 4 de setembro de 2023 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervintes.



A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

2. SERVIZO SOLICITANTE:

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS

Responsable do contrato:	JAIME D. RUIBAL DE SOLA
Responsable da Administración:	FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES:

Denominación do contrato:	URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)	
Obxecto e contido:	Execución do proxecto de obras para a "Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)".	
CPV:	45000000-7_Traballos de Construción	
Lotes:	<input checked="" type="checkbox"/> NON	Xustificación: Non é factible a división en lotes da obra para a súa execución por unha pluralidade de contratistas independentes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao ser necesario coordinar a execución de todas as unidades de obra, considerando este un dos motivos válidos que recolle o artigo 99.3 da Lei 9/2017 para a non división en lotes.



4. TRAMITACIÓN PROPOSTA:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN:

Segundo Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia suscrito con data 4 de setembro de 2023 para a execución das obras de referencia, o investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados segundo o seguinte detalle:

Organismo	Achega	Financiamento	%	Total
Deputación de Pontevedra	493.138,08 €	Fondos Propios	70	493.138,08 €
Concello de Ribadumia	211.344,89 €	Fondos Propios	30	211.344,89 €
TOTAL INVESTIMENTO:			100	704.482,97 €
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)		
2023	456.4530.612.02	704.482,97 €		

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN:

Prazo de execución/duración do contrato:	DEZ (10) MESES a contar dende formalización da acta de comprobación de replanteo
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON Número de prórrogas: Duración de cada prórroga:



7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

CONCEPTO	CUSTO
1. Execución material	489.258,26 €
2. Gastos xerais (13%)	63.603,57 €
3. Beneficio industrial (6%)	29.355,50 €
SUMA	582.217,33 €
4. IVE (21%)	122.265,64 €
TOTAL	704.482,97 €

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS

Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP.

8. RÉXIMEN DE PAGOS:

Mediante abonos a conta a través de Certificacións mensuais que comprendan a obra executada conforme ó proxecto durante dito período de tempo.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS:

<input checked="" type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	<p>Ao ser o valor estimado do contrato do proxecto de obra superior á cantidade de cincocentos mil euros (500.000 €) será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado como contratista de obras dos poderes adjudicadores, en cumprimento do artigo 77.1 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.</p> <p>A clasificación requirida para a execución das obras definidas no proxecto de referencia é a seguinte:</p> <p>Grupo G Subgrupo 6 Categoría 3</p>
--	---



10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA:

Habilitación empresarial ou profesional específica

 SI : Especificación e explicación:

 NON

SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA
 O aplicable en defecto de previsión

SOLVENCIA TÉCNICA
 O aplicable en defecto de previsión

COMPROMISO DE MEDIOS
MEDIOS PERSONAIS MÍNIMOS PARA ADSCRIBIR AO CONTRATO

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

A esixencia no equipo técnico cunha experiencia mínima ven derivada da necesidade de garantía de éxito na prestación. As actuacións de mellora da mobilidade peonil teñen unha elevada repercusión na seguranza viaria e son clave para reducir a sinistralidade. Tamén, se trata dunha actuación urbana con servizos afectados e afeccións ó tráfico que requiren dun equipo solvente que posibilite a execución das obras coas mínimas afeccións ós usuarios da vía e veciños do núcleo. Por este motivo, tecnicamente parece xustificable solicitar unha experiencia mínima.

MEDIOS MATERIAIS MÍNIMOS PARA ADSCRIBIR AO CONTRATO
 NON


11. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN:

Criterio:	Mellor relación calidade-prezo, aplicando criterios cualitativos e un criterio relacionado cós costes como o prezo segundo baremos acordados por Intervención.
Xustificación:	<p>A mellora na porcentaxe do control de calidade permitirá aumentar o número de ensaio e controis na execución da obra; pola súa banda, o aumento do período de garantía facultará ao órgano de contratación a esixir ao contratista a reparación dos defectos de execución durante o tempo prorrogado.</p> <p>As empresas que acrediten un sistema con ISO 14001 (en relación coa xestión medioambiental) e 9001 (control de calidade) ou equivalente, permiten comprobar que na execución do contrato terán unha planificación, unha metodoloxía, un control da actividade e da calidade das actuacións, a prevención de incidencias, emerxencias ou problemas de calquera tipo; o que repercutirá nunha mellor calidade da obra o estar directamente vinculado con estas actuacións.</p>

12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:

Considérase que unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta, xa que o resto de criterios automáticos non teñen a incidencia suficiente para determinar a viabilidade da oferta.

Determinarase o umbral de temeridade segundo fórmulas acordado por Intervención con factor **Bm+1**.

13. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

Segundo estrutura acordada por Intervención

14. PENALIZACIÓNS:

O aplicable en defecto de previsión



15. OUTRAS CLÁUSULAS:

Dada a posibilidade de cofinanciación que se presenta coas convocatorias que se están a anunciar, no PCAP, anuncio de licitación e contrato debe facerse mención a que *"Esta actuación poderá ser cofinanciada ou contar coa participación do FEDER ou outros fondos aos que poida optar, entre os que se atopan os correspondentes ó Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, fondos Next Generation UE, así como o PROGRAMA DUS 5000 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia"*.

16. CONSIDERACIÓNS:

De acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo *a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación*.

Consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 12 de xuño de 2023 asinado polo enxeñeiro de proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental.

Por outra parte, para a execución das obras, é necesaria a cesión de terreos afectando a 6 parcelas de titularidade privada indicadas no proxecto e a maiores, o ámbito da obra abrangue a totalidade da superficie de 3 parcelas que actualmente son titularidade do Concello de Ribadumia. Actualmente o concello xa ten posto a disposición da Deputación tódolos devanditos terreos según certificado da Secretaria do Concello de Ribadumia de data 07/06/2023.

Por último, non é necesario ningunha autorización mais derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

O control de calidade da obra encádrase no LOTE 2. ZONA CENTRO do contrato de "Servizo de execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Provincial de Pontevedra" (Expte.2018009509), adxudicado á empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. en Xunta de Goberno de data 06/09/2019, polo cal a Intervención unha vez adxudicadas as obras realizará a correspondente retención de crédito en función da porcentaxe de control de calidade ofertado pola empresa adxudicataria, o cal se calculará sobre o PEM das obras a prezo de licitación.

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do



Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia de data 8 de agosto de 2023, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.- Iniciar o expediente para a contratación da execución do proxecto de obras "**Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)**", por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Propoñer á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. o contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do "Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación" (Expte.2020014145), nos termos establecidos no acordo da Xunta de Goberno 11.29773 de data 18/12/2020, polo que se adjudicou o LOTE 2 de dito acordo marco, por un importe estimado de **6.231,50 Euros, IVE incluído**, calculado en función do prazo de execución do contrato de obras.

Ud.	Denominación do traballo	Prezo unitario ofertado (IVE incluído)	Prezo total
1	Elaboración de informe ó plan de seguridade e saúde para proxectos de obra cun PEM > 200.000,00 €	181,50 €	181,50 €
10	Mensualidade de traballos a desenvolver na fase de obras para proxectos con capítulo de seguridade e saúde con PEM: 400.000,00 € < PEM < 600.000,00 €	605,00 €	6.050,00 €

Terceiro.- Remitir ao servizo de Contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

1.	Proxecto das obras con CSV: XI7HKA17CQFV4SP3
2.	Informe de supervisión favorable do proxecto con CSV: V17TLKCPRGO1GYLW
3.	Certificación Concello posta a disposición terreos con CSV: 37MMMHQEMUB4MVOW
4.	Acordo da Xunta Goberno de aprobación do Convenio con CSV: 932BVAUDWoSVF7TG
5.	Convenio de colaboración asinado entre a Deputación e o Concello de Ribadumia con CSV: Y99XP84oF7IHW474

Asinado electronicamente ao marxe.

